

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13809 *Real decreto 995/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolve a regulación do Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil.*

A Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, na súa modificación pola Lei 1/2011, do 4 de marzo, pola que se establece o Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil e se modifica a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, regula nos seus artigos 11 e 12 o Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil (en diante, o Programa), que deberá ser aprobado polo Consello de Ministros co obxectivo de mellorar cun enfoque preventivo a seguridade operacional.

O Programa, de conformidade cos requisitos establecidos polo anexo 19 ao Convenio sobre aviación civil internacional (Chicago 1944) e de acordo coas directrices da Unión Europea, establecerá a política e os obxectivos da seguridade operacional aérea do Estado mediante a xestión estatal dos riscos de seguridade operacional, o aseguramento estatal da seguridade operacional e a promoción estatal da seguridade operacional. En particular, o Programa permitirá a captación, recompilación, procesamento, intercambio e análise da información ou datos sobre seguridade operacional e a súa xestión integrada, así como a adopción e o seguimento de medidas de control do risco de seguridade operacional e a promoción da seguridade operacional.

Con carácter previo á aprobación do Programa, é preciso o desenvolvemento regulamentario da Lei 21/2003, do 7 de xullo, co fin de abordar aspectos concretos da súa regulación necesarios para a súa implantación, como son a identificación dos órganos, organismos públicos, entes, entidades e demais suxeitos do sector público e privado que quedarán vinculados polo Programa e o alcance das súas respectivas obrigacións, así como as funcións que corresponden ao órgano superior responsable de impulsalo.

Así, este real decreto identifica os órganos, organismos, entes e entidades do sector público, civil e militar, obrigados polo Programa, establece as respectivas responsabilidades na súa aplicación en relación cos provedores de produtos ou servizos aeronáuticos suxeitos ao seu control ou supervisión, define as funcións que deben exercer e establece os mecanismos de coordinación entre eles.

Ademais, establécese que forma parte da información sobre seguridade operacional que se integra no Programa a que facilite a Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e polo que se derroga a Directiva 94/56/CE; a información do sistema de notificación de sucesos da aviación civil e a información xestionada por calquera órgano da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos que, conforme a normativa aplicable, teña funcións de asesoramento ou colaboración coas autoridades aeronáuticas en materia de estudo e análise de sucesos de aviación civil.

En coherencia coa normativa nacional, comunitaria e internacional que resulta de aplicación, a delimitación dos provedores de servizos ou produtos aeronáuticos vinculados polo Programa realízase, en primeiro lugar, respecto daqueles que teñen a obriga de dispor de sistemas de xestión da seguridade operacional (SMS), dado que un dos obxectivos esenciais do Programa é xerar un contexto que soporte e complemente a implantación e o funcionamento destes sistemas de xestión.

A implementación do Programa en relación con estes provedores proporciona o contexto para o desenvolvemento dos seus sistemas de xestión de seguridade operacional e, en consecuencia, as súas obrigacións concréntanse no mantemento destes sistemas e no cumprimento das metas de rendemento en materia de seguridade operacional.

Ademais, de conformidade co previsto na lei, pola súa potencial incidencia na seguridade operacional da aviación civil, inclúense como suxeitos vinculados polo Programa outros provedores que actualmente non están obrigados a dispor de sistemas de xestión da seguridade operacional. É o caso, dentro do elenco de provedores vinculados ao Programa que recolle o artigo 11.4 de Lei 21/2003, do 7 de xullo, do provedor de servizos meteorolóxicos para a navegación aérea (a Axencia Estatal de Meteoroloxía, Aemet) e do provedor militar de servizos de tránsito aéreo para a aviación civil.

Estes provedores deberán implantar mecanismos equivalentes aos sistemas de xestión da seguridade operacional que contribúan a alcanzar os obxectivos do Programa. Tamén as organizacións aprobadas de mantemento de aeronaves e os operadores civís de loita contra incendios e de busca e salvamento, en canto se adopta a normativa que impón a estes provedores a obrigaón de contaren con sistemas de xestión de seguridade operacional.

Finalmente, a delimitación dos provedores de servizos ou produtos aeronáuticos vinculados polo Programa inclúe unha cláusula de feche que permite integrar aqueles outros provedores respecto dos cales se adopte normativa nacional ou comunitaria que lles impoña a obrigaón de contar cun SMS. No caso dos operadores autorizados para realizaren transporte aéreo comercial, prevese un réxime transitorio para a súa incorporación ao Programa no momento en que resulte de aplicación a normativa sectorial que os obriga a dispor dun SMS.

A remisión de información relevante ás entidades ou organismos públicos responsables do seu control ou supervisión e a formación do persoal técnico e de xestión en cuestións de seguridade operacional configúranse como obrigaóns comúns a todos os provedores de servizos e produtos aeronáuticos vinculados polo Programa, contén ou non con sistemas de xestión da seguridade operacional.

Neste contexto de implementación do Programa, cobra relevancia a promoción da cultura de seguridade que dá solidez aos procesos de notificación de eventos e deficiencias de seguridade operacional e que sitúa, xunto co elemento tecnolóxico, o comportamento humano e os factores organizacionais como elementos chave para o éxito dos SMS e dos mecanismos equivalentes que se implementen.

Por outra parte, refórzase a vinculación ao Programa dos sistemas de xestión da seguridade operacional mediante a posibilidade de que os órganos de supervisión competentes apliquen as medidas coercitivas previstas pola normativa vixente, en caso de incumprimento das obrigaóns derivadas del, e desenvólvese a regulación da protección da información facilitada.

Igualmente, establécense as funcións que corresponden ao órgano superior responsable de impulsar o Programa e á Axencia Estatal de Seguridade Aérea como entidade competente para coordinar a súa implantación, execución e seguimento. Regúlase o procedemento para a elaboración, tramitación, aprobación, difusión e posterior revisión do Programa; determínase que serán de acceso público o Programa e a documentación que nel se estableza e recoñécense as obrigaóns de colaboración coas autoridades e organismos internacionais con competencias en materia de seguridade operacional.

Por último, este real decreto reforza a obrigaón de colaborar e facilitar o bo fin das actuacións de investigación e inspección aeronáuticas, recollida no artigo 33 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Este real decreto dítase en virtude da disposición derradeira terceira da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e ao abeiro da competencia estatal sobre control de espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, establecida no artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ás organizacións representativas do sector aeronáutico e ao Consello de Consumidores e Usuarios, e contouse co parecer das comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto desenvolve a regulación do Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil (en diante, o Programa) previsto no capítulo I do título II da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e ten por obxecto establecer:

a) Os órganos, organismos, entes e entidades do sector público civil e militar con competencias en materia de control ou supervisión da seguridade operacional da aviación civil ou que incidan nela (en diante, organismos públicos supervisores) responsables da aplicación do Programa, as funcións que deben cumprir nesa aplicación e os mecanismos de coordinación entre eles.

b) Os órganos, organismos, entes e entidades do sector público distintos dos mencionados na alínea a) que se integran no Programa (en diante, organismos públicos que se integran no Programa) e as súas funcións.

c) Os provedores de produtos e servizos aeronáuticos (en diante, provedores) vinculados polo Programa e o alcance das súas obrigacións.

d) As funcións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea para coordinar a implantación e a execución do Programa, o seguimento do cumprimento da política e os obxectivos de seguridade operacional previstos nel e as obrigacións de cooperación do resto dos organismos públicos para facilitar o exercicio destas funcións á Axencia.

e) As funcións que corresponden ao órgano superior que designe o Consello de Ministros como responsable de impulsar o Programa.

f) O procedemento de elaboración, tramitación, aprobación, difusión e revisión do Programa.

2. Este real decreto é de aplicación aos provedores que de maneira efectiva provexan produtos ou presten servizos aeronáuticos baixo a supervisión dos organismos públicos supervisores regulados no artigo 3.1, sen prexuízo, se for o caso, dos acordos que de conformidade co previsto na normativa de aplicación poida subscribir a Axencia Estatal de Seguridade Aérea coas autoridades nacionais de supervisión de terceiros países.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) «Desviacións de seguridade operacional»: eventos de seguridade operacional con consecuencias reais de escasa ou nula magnitude que supoñen unha separación respecto a normas, procedementos ou prácticas establecidas.

b) «Enquisas sobre seguridade operacional»: consultas dirixidas aos provedores de servizos e produtos aeronáuticos que elaboran os organismos públicos supervisores e o resto dos organismos públicos que se integran no Programa co obxectivo de detectar áreas de mellora desde o punto de vista de deficiencias de seguridade operacional.

c) «Indicador de rendemento en materia de seguridade operacional do Programa»: parámetro de seguridade operacional baseado en datos que se utilizan para observar e avaliar o rendemento.

d) «Medidas preventivas»: actividades de control dos riscos de seguridade operacional avaliados adoptadas no marco do Programa ou as adoptadas polos provedores de servizos e produtos aeronáuticos no marco dos seus sistemas de xestión da seguridade operacional ou mecanismos equivalentes, co fin de manter a eficacia do Programa ou dos sistemas de xestión da seguridade operacional.

e) «Medidas correctoras»: actividades identificadas e aplicadas polo fornecedor destinadas a emendar as causas raíz que orixinaron as desviacións de seguridade operacional detectadas.

f) «Meta de rendemento en materia de seguridade operacional»: o obxectivo de mellora do nivel de seguridade operacional proxectado ou que se desexa conseguir, canto aos indicadores de rendemento en materia de seguridade operacional, nun período de tempo determinado.

g) «Perigo ou ameaza»: condición ou obxecto que potencialmente pode causar lesións mortais ou graves ás persoas, danos ao equipamento ou ás estruturas, perda de material ou redución da habilidade de desempeñar unha función determinada.

h) «Rendemento en materia de seguridade operacional»: logro do Estado ou dun fornecedor no que respecta á seguridade operacional, de conformidade co definido mediante as súas metas e indicadores de rendemento en materia de seguridade operacional.

i) «Risco de seguridade operacional»: a probabilidade e a severidade previstas das consecuencias ou resultados dun perigo.

j) «Seguridade operacional»: estado en que os riscos operacionais asociados ás actividades de aviación se reducen e controlan a un nivel aceptable.

k) «Sistema de xestión da seguridade operacional»: conxunto sistemático de procesos e actividades para a xestión da seguridade operacional que inclúe as estruturas orgánicas, a rendición de contas, as políticas e os procedementos necesarios.

Para os efectos deste real decreto, este termo inclúe calquera sistema de xestión que, de maneira independente ou integrado con outros sistemas de xestión da organización, aborde a xestión da seguridade operacional.

l) «Sistemas de captación, recompilación, procesamento, intercambio e análise de información ou datos de seguridade operacional»: instrumentos para identificar deficiencias de seguridade operacional e perigos, co obxecto de analizar e avaliar os riscos de seguridade operacional das consecuencias asociadas a eles; en particular e entre outros, o sistema de notificación de sucesos, os rexistros pertencentes ás investigacións de accidentes e incidentes, os programas de intercambio de información de seguridade operacional, as enquisas de seguridade operacional e os sistemas de autonotificación, incluídos os sistemas automáticos e manuais de captura de datos.

Artigo 3. *Organismos públicos supervisores e organismos públicos que se integran no Programa.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, a Secretaría de Estado de Medio Ambiente e o Estado Maior do Exército do Aire son os organismos públicos supervisores responsables da aplicación do Programa en relación cos fornecedores suxeitos ao seu control ou supervisión. De acordo co anterior, exercerán as funcións previstas no capítulo II respecto deses fornecedores.

2. A Dirección Xeral de Aviación Civil e a Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil, esta última en canto órgano independente responsable da investigación técnica de accidentes e incidentes da aviación civil co único obxectivo da prevención en materia de seguridade operacional, intégranse no Programa e quedan obrigadas por el nos termos previstos neste real decreto.

3. Así mesmo, queda integrado no Programa calquera órgano da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos que teña atribuídas funcións de asesoramento ou colaboración coas autoridades aeronáuticas en materia de estudo e análise de sucesos de aviación civil. Igualmente, queda integrado dentro do Programa o sistema de notificación de sucesos xestionado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

4. O Consello de Ministros, conforme o previsto no artigo 11.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, designará o órgano superior responsable de impulsar o Programa.

Artigo 4. *Fornecedores de produtos e servizos aeronáuticos vinculados polo Programa.*

1. Son fornecedores incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto e, por tanto, vinculados polo Programa:

- a) Os fornecedores civís de servizos de navegación aérea, incluídos os fornecedores de servizos meteorolóxicos para a navegación aérea.
- b) As organizacións aprobadas de mantemento de aeronaves que realizan actividades de transporte aéreo comercial.
- c) Os xestores de aeródromos civís de uso público certificados ou verificados.
- d) Os operadores autorizados para realizar transporte aéreo comercial.
- e) Os operadores civís de loita contra incendios e de busca e salvamento.
- f) As organizacións de adestramento aprobadas para a obtención de licenzas de piloto privado, piloto comercial, piloto de transporte de liña aérea e piloto con tripulación múltiple e as habilitacións asociadas de clase, tipo ou instrumental.
- g) O fornecedor militar de servizos de tránsito aéreo para a aviación civil.
- h) En xeral, os fornecedores de servizos e produtos aeronáuticos, públicos ou privados, que, conforme a normativa nacional ou comunitaria que lles resulte de aplicación, deban dispor de sistemas de xestión da seguridade operacional.

2. Queda, así mesmo, vinculado polo Programa o persoal ao servizo dos fornecedores enumerados no número 1.

CAPÍTULO II

Funciós dos organismos públicos

Artigo 5. *Funciós dos organismos públicos supervisores.*

En relación cos fornecedores vinculados polo Programa, os organismos públicos supervisores desenvolverán, no ámbito das súas respectivas competencias e no que lles resulte de aplicación, as seguintes funcións en aplicación do Programa:

- a) Verificar e inspeccionar os sistemas de xestión da seguridade operacional ou mecanismos equivalentes dos fornecedores suxeitos á súa supervisión.
- b) Establecer os criterios para o acordo ou establecemento das metas de rendemento en materia de seguridade operacional dos fornecedores e o seguimento das medidas correctoras correspondentes implementadas por estes para emendar as desviacións de seguridade operacional ou que incidan nela, de acordo co disposto no artigo 11.3.
- c) Acordar cos fornecedores e, cando non sexa posible, establecer os indicadores e as metas de rendemento en materia de seguridade operacional e as súas sucesivas revisións, en particular, como consecuencia da avaliación periódica que deles se realice. Estas metas deberán ser coherentes coas metas de rendemento en materia de seguridade operacional do Estado e adecuadas ao contexto operacional específico e á complexidade do fornecedor.
- d) Realizar un seguimento do cumprimento das metas de rendemento en materia de seguridade operacional, en particular, nas áreas identificadas como prioritarias.
- e) Aplicar as medidas coercitivas ou sancionadoras que resulten de aplicación ante o incumprimento das obrigacións establecidas neste real decreto.
- f) Reavaliar, cando se produzan cambios significativos no contexto operacional dos fornecedores e conxuntamente con eles, as metas de rendemento en materia de seguridade operacional para verificar que seguen sendo relevantes e apropiadas para o cumprimento das metas de rendemento de seguridade operacional do Estado.
- g) Requirir, recompilar e procesar a información ou os datos de seguridade operacional dos fornecedores suxeitos á súa supervisión e calquera outra información que acorden os organismos públicos supervisores coa Axencia Estatal de Seguridade

Aérea, no ámbito dos sistemas de captación, recompilación, procesamento, intercambio e análise de información ou datos de seguridade operacional en execución do Programa.

h) Verificar, cando corresponda, a veracidade da información ou dos datos de seguridade operacional facilitados conforme o número anterior e, se for o caso, a relativa ao cumprimento das metas de rendemento en materia de seguridade operacional.

i) Difundir entre o seu persoal técnico e de xestión a política de promoción da seguridade operacional prevista no artigo 7.

j) Impulsar o establecemento de redes para compartir e facilitar o libre intercambio de información sobre deficiencias reais e posibles en materia de seguridade operacional, para amparar o desenvolvemento de procesos de avaliación de riscos operacionais integrativos e colaborativos.

k) Colaborar cos fornecedores suxeitos ao seu control ou supervisión, mediante a elaboración de guías e directrices, na promoción interna da seguridade operacional entre o seu persoal técnico e de xestión.

l) Adoptar as medidas necesarias para a protección da información e datos facilitados no marco do Programa polos fornecedores ou polos profesionais aeronáuticos que prestan servizo neles, así como para asegurar que se utiliza exclusivamente para os efectos previstos no Programa.

m) Promover a implantación e o desenvolvemento dunha cultura de seguridade que apoie e promova o desenvolvemento dos sistemas de xestión da seguridade operacional ou mecanismos equivalentes, se for o caso, dos fornecedores de produtos e servizos aeronáuticos obrigados polo Programa.

Artigo 6. *Funcións dos organismos públicos que se integran no Programa.*

1. Corresponde á Dirección Xeral de Aviación Civil:

a) Integrar o Programa e a política de seguridade operacional definida nel no deseño da política xeral de aviación civil.

b) Elaborar e tramitar, por iniciativa da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, as propostas normativas que resulten necesarias para a aplicación da política de seguridade operacional do Estado.

c) Difundir entre o seu persoal técnico e de xestión a política de promoción da seguridade operacional prevista no artigo 7.

2. No marco do Programa, corresponde á Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes de Aviación Civil:

a) Dar traslado á Axencia Estatal de Seguridade Aérea de:

1.º Os informes, recomendacións de seguridade, estudos e análises de seguridade que elabore, así como do resultado do seguimento das recomendacións de seguridade. Así mesmo, dará traslado das recomendacións de seguridade de organismos de investigación de accidentes e incidentes de aviación civil estranxeiros dirixidas a organizacións suxeitas á supervisión das autoridades españolas de que teña coñecemento.

2.º A información obtida na investigación técnica de accidentes e incidentes da aviación civil que, conforme a normativa comunitaria de aplicación, poida facilitarse para a mellora da seguridade operacional da aviación.

b) Difundir entre o seu persoal técnico e de xestión a política de promoción da seguridade operacional prevista no artigo 7.

3. No marco do Programa, corresponde aos órganos a que se refire o artigo 3.3, ademais das funcións previstas na súa normativa específica, remitir á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para a súa inclusión na información sobre seguridade operacional integrada no Programa, os informes, recomendacións, estudos, memorias e análises que

elabore, así como o resultado do seguimento das recomendacións de seguridade emitidas.

Artigo 7. Promoción da seguridade operacional entre o persoal.

Os organismos públicos a que se refire este capítulo teñen a obrigaçión de comunicar a todos os seus empregados con responsabilidades en materia de seguridade operacional ou que incidan nela, co seu apoio explícito, a política e os obxectivos de seguridade operacional do Estado establecidos no Programa.

Así mesmo, corresponde a estes organismos públicos identificar os postos con responsabilidades directas en materia de seguridade operacional ou que incidan nela, se os houber e, se for o caso, en relación con eles:

a) Establecer os procedementos necesarios para manter dispoñible a información de seguridade operacional relevante para a supervisión dos fornecedores, así como para a súa comunicación aos órganos que se determinen nos citados procedementos ou para calquera outra forma de difusión interna establecida neles.

b) Establecer os mecanismos para verificar que comprenden as súas responsabilidades relativas ao cumprimento das súas funcións e ao logro dos obxectivos de seguridade operacional do Programa, así como os procesos e actuacións de xestión da seguridade operacional que os afecten. Para tal efecto, deberán adoptar un plan de formación en materia de seguridade operacional adaptado ás responsabilidades específicas de cada posto de traballo.

Artigo 8. Protección da información facilitada no marco do Programa.

1. As medidas que adopten os organismos públicos supervisores para a protección da información ou datos facilitados conforme o previsto no artigo 5 deben asegurar que se usan exclusivamente para os efectos previstos no Programa, de conformidade co previsto na Lei 21/2003, do 7 de xullo. Para isto, o organismo público responsable da súa recompilación, procesamento, conservación e custodia garantirá a xestión da información ou datos de seguridade operacional de conformidade coa normativa aplicable sobre confidencialidade e uso desta información ou datos e, en particular:

a) Que unicamente acceden á información ou datos de seguridade operacional que inclúa datos de carácter persoal aquelas persoas expresamente autorizadas para isto.

b) Que os datos de carácter persoal se eliminan dos rexistros contidos na base de datos unha vez que se obteña a información complementaria precisa para coñecer o alcance da información ou datos facilitados.

2. As medidas para a protección da información facilitada no marco do Programa non serán de aplicación a aquela información ou datos de seguridade operacional que revelen actuacións en que se aprecie dolo ou negligencia grave, de conformidade co previsto nos artigos 11 e 12 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

En todo caso, os ficheiros e o tratamento dos datos de carácter persoal deben cumprir co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

CAPÍTULO III

Obrigaçións dos fornecedores

Artigo 9. Sistemas de xestión da seguridade operacional e mecanismos equivalentes.

1. Os fornecedores vinculados polo Programa deben establecer e manter, cando sexa de aplicación de acordo coa normativa vixente en cada momento, sistemas de

xestión da seguridade operacional nas súas organizacións, adecuados á súa dimensión e á complexidade dos seus produtos ou servizos.

2. Os fornecedores que non estean obrigados pola normativa vixente a dispor de sistemas de xestión da seguridade operacional deberán implementar os mecanismos equivalentes que establecesen os organismos públicos supervisores aos cales corresponde o seu control ou supervisión, a fin de contribuír a alcanzar as metas de rendemento en materia de seguridade operacional do Estado.

Estes mecanismos equivalentes deben contribuír a alcanzar as metas de rendemento en materia da seguridade operacional acordadas, mediante a avaliación dos riscos que a actividade pode xerar na seguridade operacional e as medidas para controlalos.

Artigo 10. *Metas de rendemento en materia de seguridade operacional dos fornecedores.*

1. Os fornecedores que dispoñan dun sistema de xestión da seguridade realizarán unha vixilancia continuada das súas operacións ou actividades relacionadas coa provisión dos seus produtos ou servizos, identificando os perigos, avaliando os riscos de seguridade operacional e adoptando as medidas preventivas para controlalos e mantelos no nivel máis baixo razoablemente posible. Para estes efectos, enténdese por nivel máis baixo razoablemente posible aquel en que toda ulterior redución do risco de seguridade operacional non é viable tecnicamente ou está amplamente superada polo custo despois dunha análise de custo-beneficios.

Atendendo aos resultados da dita vixilancia, os fornecedores proporán ao organismo público supervisor que corresponda, conforme o previsto no artigo 3, as metas de rendemento en materia de seguridade operacional do seu sistema de xestión.

Estas metas serán acordadas co organismo público supervisor cando sexan coherentes coas metas de rendemento en materia de seguridade operacional do Estado e adecuadas ao contexto operacional e á complexidade do fornecedor de servizos ou produtos aeronáuticos. Noutro caso, deberán adecuarse conforme dispoña o organismo público supervisor.

2. No marco dos seus sistemas de xestión da seguridade operacional os fornecedores adoptarán, mediante un plan de actuacións en que fixarán as responsabilidades e os fitos cronolóxicos, todas as medidas razoables dispoñibles, e porán os medios ao seu alcance para lograren as metas de rendemento en materia de seguridade do seu sistema de xestión ou mecanismo equivalente, segundo corresponda.

3. Os fornecedores que apliquen mecanismos equivalentes cumprirán co previsto nos números 1 e 2, coas singularidades que estableza o organismo supervisor, atendendo á natureza da actividade realizada.

4. Os fornecedores están obrigados a colaborar co organismo público supervisor no establecemento das metas de rendemento en materia de seguridade do seu sistema de xestión ou mecanismo equivalente, segundo corresponda, así como na súa supervisión e avaliación periódica.

Artigo 11. *Desviacións de seguridade operacional e medidas correctoras.*

1. Dentro do marco dos sistemas de xestión da seguridade operacional ou mecanismos equivalentes establecidos, os fornecedores establecerán un procedemento para xestionar internamente as desviacións de seguridade operacional.

2. Cando na execución deste procedemento se detecten desviacións de seguridade operacional, o fornecedor identificará e aplicará as medidas correctoras que coide necesarias, incluíndo os prazos previsibles para a adopción desas medidas correctoras.

3. O organismo público supervisor que corresponda realizará un seguimento das medidas correctoras identificadas e aplicadas para cada desviación e poderá exixir a súa modificación ou medidas correctoras adicionais para corrixir as desviacións nun prazo razoable. O organismo público supervisor realizará o seguimento das medidas correctoras identificadas e aplicadas polo fornecedor, durante as actuacións de control e supervisión

dos sistemas de xestión da seguridade operacional ou mecanismos equivalentes establecidos.

4. Sen prexuízo do establecido nos números anteriores, cando da información obtida no marco do Programa o organismo público supervisor detecte riscos para a seguridade operacional que requiran a adopción de medidas correctoras, poderá requirir ao fornecedor de produtos ou servizos aeronáuticos a proposta das medidas correctoras que procedan ou, noutro caso, exixir medidas correctoras adicionais ou a modificación das propostas para corrixir tales riscos.

Artigo 12. *Fornecemento de datos e información.*

1. Os fornecedores colaborarán co organismo público supervisor fornecendo os datos e a información que se lles requira no ámbito dos sistemas de captación, recompilación, procesamento, intercambio e análise de información e datos de seguridade operacional que poidan establecerse conforme o previsto neste real decreto.

Os fornecedores fornecerán ou darán acceso á dita información no prazo de quince días hábiles a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, prazo que poderá ampliar o organismo público supervisor en función do tipo ou volume da información ou datos requiridos.

2. Os fornecedores e o persoal ao seu servizo están obrigados a participar nas enquisas sobre seguridade operacional que lles remita o organismo público supervisor competente e a facilitar a información requirida nelas no prazo que en cada caso se estableza.

Artigo 13. *Colaboración no ámbito do Plan de Acción de Seguridade Operacional.*

Os fornecedores adoptarán as accións descritas no Plan de acción de seguridade operacional a que fai referencia o artigo 26 para o logro da política e obxectivos de seguridade operacional do Estado establecidos no Programa, nos termos previstos no Plan.

Artigo 14. *Promoción interna da seguridade operacional.*

Os fornecedores, coa colaboración do organismo público supervisor que corresponda, proporcionarán formación específica ao persoal técnico e de xestión afectado acerca do sistema de xestión de seguridade operacional do fornecedor ou mecanismo equivalente e divulgarán entre os seus empregados a política e os obxectivos de seguridade operacional do Programa.

Artigo 15. *Protección da información facilitada polos fornecedores e profesionais aeronáuticos no marco do Programa.*

1. Os empregados dos fornecedores deberán facilitar a estes a información ou datos sobre seguridade operacional, ou con afección sobre a seguridade operacional, establecida no ámbito dos sistemas de captación, recompilación, procesamento, intercambio e análise de información ou datos de seguridade operacional. Esta obrigação enténdese sen prexuízo da posibilidade de notificar adicionalmente esta información directamente aos organismos públicos supervisores competentes.

2. Os fornecedores establecerán mecanismos que aseguren que no tratamento da información ou datos de seguridade operacional que inclúa datos de carácter persoal unicamente teñan acceso os responsables do sistema de xestión da seguridade operacional ou do mecanismo equivalente ou, na súa falta, os responsables da captación ou obtención dos datos de seguridade operacional expresamente autorizados polo fornecedor, e que, sen prexuízo das excepcións previstas legalmente, a súa utilización ten como única finalidade obter a información complementaria precisa para coñecer o alcance da información ou datos facilitados.

3. Os datos de carácter persoal codifícanse na base de datos do fornecedor de modo que nunca se cedan ou comuniquen a un terceiro, facilitando unicamente os correspondentes códigos de desidentificación.

4. Os fornecedores facilitarán aos organismos públicos supervisores a información a que se refiren os números anteriores acompañada dos mecanismos de identificación do suceso que permitan o seu seguimento.

5. A información e os datos previstos neste artigo, facilitada polos empregados no marco do Programa, goza da protección prevista no artigo 18.1 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Artigo 16. *Medidas en caso de incumprimento.*

1. En caso de incumprimento das obrigacións establecidas neste capítulo, os organismos públicos supervisores previstos no artigo 3.1 aplicarán en cada caso, segundo a súa competencia, as medidas coercitivas e sancionadoras que procedan conforme a normativa vixente en cada un dos ámbitos xurídicos a que pertencen.

2. Para os efectos previstos no número anterior non se considera incumprimento do previsto neste capítulo que o fornecedor non alcance as metas de rendemento en materia de seguridade operacional do seu sistema de xestión, ou mecanismo equivalente, cando se constate que puxo os medios ao seu alcance para o logro de tales metas, dando cumprimento aos compromisos recollidos no plan de actuacións a que se refire o artigo 10.

3. Os organismos públicos supervisores absteranse de adoptar medidas coercitivas ou sancionadoras ante desviacións de seguridade operacional notificadas polo fornecedor cando o fornecedor cumprise co previsto no artigo 11, a menos que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que conste de forma manifesta que a desviación se realizou con dolo ou negligencia grave.
- b) Que se aprecie negligencia grave como consecuencia da reiteración na conduta.

4. Os organismos públicos supervisores poderán adoptar medidas coercitivas ou sancionadoras por feitos de que tivesen coñecemento fóra do marco do Programa; en particular, cando tales feitos fosen denunciados ou notificados por terceiros ou fosen advertidos en actuacións de inspección aeronáutica realizadas sen vinculación ningunha coa información facilitada no Programa.

Nestes supostos, non se poderá incorporar aos procedementos que se tramiten a información facilitada polo fornecedor ou os profesionais aeronáuticos no marco do Programa, de conformidade co previsto nos artigos 11.1 e 12.1 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

CAPÍTULO IV

Procedemento de elaboración, tramitación e aprobación do Programa e a súa revisión e difusión

Artigo 17. *Elaboración, tramitación e aprobación.*

1. Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a elaboración do Programa, no cal se incluírán a política e os obxectivos de seguridade operacional do Estado coherentes cos establecidos no ámbito comunitario.

2. A proposta, da cal se dará audiencia ás organizacións representativas do sector aeronáutico, someterase ao informe dos organismos públicos supervisores e dos organismos públicos que se integran no Programa.

3. O Programa será aprobado, por proposta conxunta dos ministros de Fomento, Defensa e Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, mediante acordo do Consello de Ministros, logo de comparecencia do ministro de Fomento ante a comisión competente do Congreso dos Deputados.

Artigo 18. *Revisión.*

1. Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a iniciativa para a revisión do Programa atendendo ao resultado do seguimento sobre a súa aplicación e ao cumprimento da política e dos obxectivos previstos nel.

A revisión do Programa será sometida a informe dos organismos públicos supervisores e do resto dos organismos públicos que se integran no Programa.

2. O órgano superior responsable de impulsar o Programa é, así mesmo, o responsable de impulsar a súa revisión, para o que poderá instar a Axencia Estatal de Seguridade Aérea a exercer a iniciativa a que se refire o número 1 e requirir a colaboración dos organismos públicos que deban informar sobre a revisión do Programa.

3. Anualmente, por proposta do órgano superior responsable de impulsar o Programa, elevarase ao Consello de Ministros a memoria anual a que se refire o artigo 11.5 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, elaborada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea sobre o grao de cumprimento do Programa, con expresión das razóns que aconsellan o seu mantemento ou revisión.

Artigo 19. *Difusión.*

A aprobación e a revisión do Programa estatal de seguridade operacional para a aviación civil serán notificadas polo órgano superior responsable de impulsar o Programa aos organismos públicos supervisores e aos que se integran no Programa.

CAPÍTULO V

Coordinación da implantación e execución do Programa e seguimento do cumprimento da política e dos obxectivos de seguridade operacional do Estado

Artigo 20. *Funcións do órgano superior responsable de impulsar o Programa.*

Corresponden ao órgano superior responsable de impulsar o Programa, ademais das funcións atribuídas no capítulo anterior, as seguintes funcións:

a) Requirit aos organismos públicos supervisores, aos organismos públicos que se integran no Programa e aos provedores a colaboración que precise a súa eficaz implantación.

b) Impulsar as actuacións precisas para asegurar o seguimento periódico do cumprimento da política e os obxectivos de seguridade operacional do Estado, así como para a identificación das áreas de seguimento prioritario.

c) Calquera outra función que coide necesaria para o impulso e seguimento do Programa.

Artigo 21. *Coordinación.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no exercicio das súas funcións como entidade responsable de coordinar a implantación e a execución do Programa, acordará cos organismos públicos supervisores e co resto dos organismos públicos que se integran no Programa os procedementos de intercambio da información e as medidas previstas nos números seguintes e, con base no acordado, elaborará un manual de aplicación do Programa para os organismos públicos de carácter vinculante.

2. A coordinación requirirá, ao menos, o intercambio de información en relación con:

a) Os valores dos indicadores de rendemento establecidos en materia de seguridade operacional do Programa e de calquera outra información ou datos de seguridade operacional que se considere procedente.

b) Os mecanismos de análise da información ou datos de seguridade operacional que deben empregar os organismos públicos supervisores e os organismos públicos que se integran no Programa.

c) Os programas de supervisión, auditoría e avaliación dos sistemas de xestión da seguridade operacional ou mecanismos equivalentes dos fornecedores.

d) As metas de rendemento en materia de seguridade operacional dos sistemas de xestión ou dos mecanismos equivalentes, establecidos ou acordados cos fornecedores, e o resultado do seu seguimento.

e) Os contidos mínimos dos plans de formación do persoal técnico e de xestión con responsabilidades directas ou con afección en seguridade operacional.

f) Os criterios respecto ás medidas que se deben adoptar en caso de incumprimento dos fornecedores de servizos ou produtos aeronáuticos.

3. Ademais, os organismos públicos supervisores acordarán:

a) Os procedementos e as vías de notificación á Axencia Estatal de Seguridade Aérea da información relevante en materia de seguridade operacional identificada no exercicio das funcións asignadas aos organismos públicos supervisores e aos organismos públicos que se integran no Programa.

b) Os requisitos mínimos dos mecanismos equivalentes aos sistemas de xestión da seguridade operacional que garantan o cumprimento do disposto no artigo 9.2, segundo parágrafo.

c) Os prazos e a periodicidade de remisión á Axencia Estatal de Seguridade Aérea da información anteriormente referida.

Artigo 22. Comité de Coordinación do Programa.

1. Para facilitar as funcións de coordinación da Axencia Estatal de Seguridade Aérea créase o Comité de Coordinación do Programa como grupo de traballo de acordo co previsto no artigo 40.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, integrado na Axencia Estatal de Seguridade Aérea a través da Dirección de Avaliación da Seguridade e Auditoría Técnica Interna desa Axencia Estatal. Este comité estará constituído:

a) Polo presidente, que será o director de Avaliación da Seguridade e Auditoría Técnica Interna da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e cuxo voto será dirimente.

b) Polos vogais, designados un por cada un dos organismos públicos supervisores e dos organismos públicos que se integran no Programa, entre o persoal ao seu servizo.

c) Polo secretario, que deberá ser un funcionario incluído na relación de postos de traballo da Dirección de Avaliación da Seguridade e Auditoría Técnica Interna, que desempeñe un posto de traballo de, como mínimo, nivel 26, nomeado polo director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Cando os asuntos que se vaian abordar afecten só algún ou algúns dos organismos públicos supervisores ou dos que se integran no Programa, poderán convocarse ás reunións do Comité soamente os representantes dos organismos públicos afectados, entendéndose validamente constituído o órgano, en tales casos, cando asista o presidente e o secretario e, ao menos, a metade dos vogais convocados.

2. Son funcións do Comité prestar o apoio e colaboración que lle requiran os organismos públicos supervisores para a eficaz implantación e execución do Programa; en particular, para a avaliación da coordinación ou a eficacia doutros mecanismos de coordinación adicionais aos previstos neste artigo. No non previsto neste real decreto, o funcionamento do Comité, no cal se promoverá o uso de medios electrónicos, rexerá polo establecido en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no capítulo IV do título II da Lei 6/1997, do 14 de abril.

3. O seu funcionamento será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Reunirase coa frecuencia que sexa precisa e, en todo caso, dúas veces ao ano.

CAPÍTULO VI

Funcións da Axencia Estatal de Seguridade Aérea como entidade competente para coordinar a implantación e execución do Programa

Artigo 23. Funcións.

1. Corresponde á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a función de coordinación da implantación e execución do Programa, así como o seguimento do cumprimento da política e dos obxectivos de seguridade operacional recollidos no Programa.

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea realizará as funcións atribuídas neste real decreto respectando plenamente as competencias que a normativa vixente atribúe a cada un dos organismos públicos supervisores.

2. Os organismos públicos supervisores e o resto dos organismos que se integran no Programa deberán cooperar coa Axencia Estatal de Seguridade Aérea no exercicio das súas funcións.

Artigo 24. Normativa de seguridade operacional do Estado.

Se, como resultado da implantación ou execución do Programa, se detectar a necesidade de actualizar ou modificar o marco normativo aplicable en materia de seguridade operacional da aviación civil, corresponderá á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a iniciativa de elevar ao órgano competente a proposta de adopción das actualizacións ou modificacións normativas que en cada momento procedan, no ámbito das súas competencias.

Artigo 25. Seguimento do cumprimento da política e obxectivos de seguridade operacional.

1. Contando co órgano superior responsable de impulsar o Programa no exercicio das funcións previstas no artigo 20, alínea b), a Axencia Estatal de Seguridade Aérea levará a cabo o seguimento periódico do cumprimento da política e dos obxectivos de seguridade operacional establecidos no Programa, identificando as áreas de seguimento prioritario. A identificación destas áreas, no caso de provedores non suxeitos á supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, realizarase en colaboración co organismo público a que corresponda o seu control ou supervisión.

2. Co fin de alcanzar os obxectivos de seguridade operacional establecidos no Programa, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea elaborará, en colaboración cos provedores, un plan de acción de seguridade operacional, coherente co Plan de seguridade operacional para a aviación civil europeo (EASp), en que se describan as actividades, tanto dos organismos públicos competentes en materia de supervisión e control da seguridade operacional como dos provedores de servizos e produtos aeronáuticos e do resto dos organismos públicos que se integran no Programa, encamiñadas a mellorar a seguridade operacional naquelas áreas que se identifiquen como prioritarias. A elaboración do Plan, naqueles aspectos que poidan afectar provedores non suxeitos á supervisión da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, realizarase en colaboración co organismo público a que corresponda o seu control ou supervisión, así como cos provedores de servizos e produtos aeronáuticos afectados.

3. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea documentará o seguimento e o Plan de acción de seguridade operacional a que se refire este artigo, nos termos que se establezan no Programa e no manual de aplicación a que fai referencia o artigo 21.1.

Artigo 26. *Aprobación do Plan de acción de seguridade operacional.*

O Plan de acción de seguridade operacional será aprobado por resolución do director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, logo de informe dos organismos públicos supervisores e do resto de organismos públicos que se integran no Programa.

Artigo 27. *Arquivo e rexistro.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea manterá un sistema de arquivo que asegure a xeración e conservación de todos os rexistros necesarios para incorporar a información facilitada no marco do Programa.

Artigo 28. *Difusión externa de información.*

1. O Programa e a documentación que nel se determine serán documentos de acceso público a fin de asegurar a divulgación eficaz da información sobre seguridade operacional. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea divulgará esta información a través da súa páxina web de forma desidentificada.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea colaborará coas autoridades e organismos internacionais con competencias en materia de seguridade operacional atendendo ao seu deber de intercambio de información sobre seguridade operacional, de acordo coa normativa vixente e baixo a exigencia de recíproca confidencialidade.

3. Así mesmo, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá colaborar con outras administracións, organismos públicos de investigación e universidades comprometidos na investigación da seguridade aérea ou na realización de estudos sobre este tema, nos termos previstos nos artigos 18 e 19 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Disposición adicional primeira. *Obrigación de colaboración coa Comisión de Estudo e Análise das Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo (CEANITA).*

1. De conformidade coa obrigación de colaboración e facilitación do bo fin das actuacións de investigación aeronáutica prevista no artigo 33.3.^a da Lei 21/2003, do 7 de xullo, os suxeitos enumerados no artigo 32 da citada disposición están obrigados a fornecer á Comisión de Estudo e Análise das Notificacións de Incidentes de Tránsito Aéreo (CEANITA) toda a información que a Comisión lles requira e estea relacionada co estudo e a análise dos incidentes de tránsito aéreo sometidos a estudo, no prazo máximo de vinte días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento.

No caso de que a Comisión emita unha recomendación de seguridade operacional, o destinatario dela deberá informar a Comisión, nun prazo de noventa días contados desde o día seguinte ao da notificación, das medidas adoptadas ou en fase de estudo e, se for o caso, do calendario previsto para a súa implementación, ou informará dos motivos que xustifican non adoptar a recomendación.

O incumprimento destas obrigacións poderá ser considerado unha infracción administrativa en materia de seguridade aérea das previstas no título V da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

As recomendacións de seguridade operacional non suporán, en ningún caso, presunción de culpa ou responsabilidade.

2. O disposto no número anterior resultará igualmente aplicable a outros órganos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos incluídos no artigo 3.3 que, conforme a normativa aplicable, teñan funcións de asesoramento ou colaboración coas autoridades aeronáuticas en materia de estudo e análise de sucesos de aviación civil, así como respecto do sistema de notificación de sucesos xestionado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

3. A CEANITA, os órganos referidos no artigo 3.3 e a Axencia Estatal de Seguridade Aérea en canto órgano responsable do sistema de notificación de sucesos terán pleno acceso aos sistemas de captura e procesamento de voz e datos dos provedores civís de servizos e produtos aeronáuticos, excepto aqueles descritos no artigo 14.1 do

Regulamento (UE) 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e polo que se derroga a Directiva 94/56/CE e, se for o caso, coas limitacións previstas no artigo 14.2 do citado regulamento, todo isto de conformidade coa normativa aplicable sobre confidencialidade desta información, e a calquera outra información ou datos dos ditos provedores ou dos seus empregados que, en canto información sobre seguridade operacional integrada no Programa, gozará da protección prevista no artigo 18.1 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Esta información obtérase só co obxecto de proceder á análise dos incidentes de tránsito aéreo ou sucesos notificados para contribuír á mellora da seguridade operacional, pero non para determinar faltas ou responsabilidades.

Disposición adicional segunda. *Mecanismos equivalentes aos sistemas de xestión da seguridade operacional.*

1. No prazo de 8 meses desde a entrada en vigor deste real decreto, por resolución do organismo público supervisor que corresponda segundo o establecido no artigo 3.1, concretaranse os mecanismos equivalentes que deben implantar os provedores de servizos meteorolóxicos para a navegación aérea, o provedor militar de servizos de tránsito aéreo para a aviación civil, as organizacións aprobadas de mantemento de aeronaves que realizan actividades de transporte aéreo comercial e os operadores civís de loita contra incendios e de busca e salvamento. Esta resolución poderá prever, así mesmo, a posibilidade de integrar os ditos mecanismos equivalentes nos sistemas de calidade dos provedores.

2. En relación coas organizacións aprobadas de mantemento de aeronaves que realizan actividades de transporte aéreo comercial e os operadores civís de loita contra incendios e de busca e salvamento, non será de aplicación o previsto no número anterior se, antes de que transcorra o citado prazo de 8 meses, se adoptar normativa conforme a cal deban dispor dun sistema de xestión da seguridade operacional.

Disposición adicional terceira. *Aeródromos de uso público de competencia autonómica.*

Con suxeición ao previsto en materia de protección da información e en relación cos aeródromos de uso público de competencia autonómica, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea e as comunidades autónomas que exerzan de forma efectiva a súa competencia nesa materia poderán subscribir acordos para o intercambio de información nos cales se prevexa a integración no Programa da información facilitada pola respectiva comunidade autónoma.

Disposición adicional cuarta. *Órgano responsable do sistema de notificación obrigatoria e voluntaria de sucesos.*

Todas as referencias contidas no Real decreto 1334/2005, do 14 de novembro, polo que se establece o sistema de notificación obrigatoria de sucesos na aviación civil, á Dirección Xeral de Aviación Civil entenderanse realizadas á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Disposición transitoria primeira. *Normas transitorias en relación cos provedores que deben implantar mecanismos equivalentes.*

Os provedores a que se refire a disposición adicional segunda deberán implantar mecanismos equivalentes aos sistemas de xestión da seguridade operacional no prazo máximo de 6 meses desde a adopción da resolución prevista nesa disposición. Os ditos mecanismos serán substituídos por sistemas de xestión da seguridade operacional cando a normativa que en cada caso resulte de aplicación impoña a obriga de contar con eses sistemas.

Disposición transitoria segunda. *Normas transitorias en relación cos fornecedores que deben dispor de sistemas de xestión da seguridade operacional.*

1. Os operadores autorizados para realizaren actividades de transporte aéreo comercial previstos no artigo 4.1, alínea d), quedarán integrados no Programa e suxeitos ao disposto neste real decreto na data en que lles sexa de aplicación o Regulamento (UE) n.º 965/2012 da Comisión, do 5 de outubro de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e procedementos administrativos en relación coas operacións aéreas en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, conforme as actuacións de aplicación do disposto no seu artigo 10.2.

2. Os fornecedores de servizos de navegación aérea, excepto os fornecedores de servizos meteorolóxicos para a navegación aérea e o fornecedor militar de servizos de tránsito aéreo para a aviación civil, así como os fornecedores a que se refire o artigo 4.1, alíneas c), f) e h), disporán dun prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto para adaptárense ás obrigacións previstas nos artigos 14 e 15.

Disposición transitoria terceira. *Fornecemento de información.*

Durante os tres meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto o prazo para fornecer a información a que se refire o artigo 12.1 será de 30 días hábiles.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Facúltanse os ministros de Fomento, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e de Defensa, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Circulares aeronáuticas.*

Facúltase o director xeral de Aviación Civil para adoptar, de conformidade cos requisitos previstos no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, circulares aeronáuticas por propia iniciativa ou por proposta da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, co fin de ditar disposicións de carácter secundario e de contido técnico que completen, precisen e aseguren a máis eficaz aplicación das disposicións sobre obrigacións dos fornecedores de produtos e servizos aeronáuticos contidas no capítulo III; en particular, para mantelas actualizadas de acordo coas recomendacións e prescricións internacionais e comunitarias.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN